



ENQUISA DE POBOACIÓN ACTIVA

CADRO: ENQUISA DE POBOACIÓN ACTIVA

Organismo responsable:	Área de Estudos e Investigación da Axencia Turismo de Galicia
Metas de información:	Obter información sobre o mercado de traballo en Galicia nas ramas características do turismo
Obxectivos:	<p>A Enquisa de Poboación Activa, que publica datos trimestrais e elaboran o Instituto Nacional de Estadística (INE) e o Instituto Galego de Estatística (IGE), ofrece información sobre diferentes compoñentes do emprego (ocupados, parados, asalariados,...) segundo a actividade económica da empresa, seguindo a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE 2009).</p> <p>A Área de Estudos e Investigación da Axencia Turismo de Galicia fai un estudo pormenorizado desta enquisa para recoller as compoñentes máis significativas do emprego en Galicia nas ramas definidas como características do turismo.</p>
Tipo de actividade:	Continua
Período inicial:	Terceiro trimestre de 2009
Periodicidade:	Trimestral
Ámbito xeográfico:	Galicia
Colectivo:	Persoas de 16 ou máis anos
Filtro:	Ramas características do turismo
Método de recollida:	Consulta vía web e peticións particulares ao IGE
Fonte dos datos:	INE-IGE. Enquisa de Poboación Activa. Elaboración propia
Enlaces fonte orixinal:	www.ine.es www.ige.eu
Medio difusión:	Páxina web da Área a través do portal da Axencia Turismo de Galicia
Publicacións:	Informes en formato texto e táboas de datos
Prazos publicación:	Informe carácter trimestral e anual

ACTIVIDADE: ENQUISA DE POBOACIÓN ACTIVA

1. Contacto

Organización: Área de Estudos e Investigación da Axencia Turismo de Galicia
Dirección: Estrada Santiago - Noia km 1. A Barcia - 15897
Santiago de Compostela (A Coruña)

2. Presentación estatística

2.1. Descrición dos datos

A Enquisa de Poboación Activa (EPA) é unha investigación por mostraxe, continua e dirixida ás vivendas familiares que o Instituto Nacional de Estadística (INE) realiza dende 1964. En xullo de 2008 firmouse un convenio de colaboración entre o INE e o Instituto Galego de Estatística (IGE) para a duplicación da mostra da EPA no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. O obxectivo da ampliación da mostra é permitir a análise da poboación en relación coa actividade económica cunha maior desagregación do que se viña facendo ata o momento. Como resultado deste convenio, a partir do terceiro trimestre de 2009 incorpórase a mostra adicional recollida polo IGE (234 seccións) utilizando idéntica metodoloxía e o mesmo sistema de traballo de campo que o INE.

2.2. Sistemas de clasificación

2.3. Cobertura por sectores

A cobertura en termos sectoriais tanto para as publicacións trimestrais como ás anuais é referida aos Servizos de aloxamento, Servizo de comidas e bebidas, Transporte de viaxeiros e Outras actividades turísticas.

2.4. Conceptos e definicións estatísticos

Poboación economicamente activa: conxunto de persoas de idades determinadas que, nun período de referencia dado, subministran man de obra para a produción de bens e servizos económicos ou que están dispoñibles e fan xestións para incorporarse a dita produción. É dicir, comprende a todas as persoas de 16 ou máis anos que cumpren as condicións necesarias para a súa inclusión entre as persoas ocupadas ou paradas.

Poboación ocupada: persoas de 16 ou máis anos que durante a semana de referencia tiveron un traballo por conta allea ou exerceron unha actividade por conta propia.

Persoas con traballo por conta allea ou asalariadas: son as persoas que se poden encadrar nas seguintes categorías:



Servizos de aloxamento	
551	Hoteis e aloxamentos similares
552	Aloxamentos turísticos e outros aloxamentos de curta estada
553	Cámpings e aparcamentos para caravanas
559	Outros aloxamentos
Servizos de comidas e bebidas	
561	Restaurantes e postos de comidas
562	Provisión de comidas preparadas para eventos e outros servizos de comidas
563	Establecementos de bebidas
Actividades de axencias de viaxes e operadores turístico	
791	Actividades de axencias de viaxes e operadores turísticos
Transporte de viaxeiros	
491	Transporte interurbano de pasaxeiros por ferrocarril
493	Outro transporte terrestre de pasaxeiros
501	Transporte marítimo de pasaxeiros
503	Transporte de pasaxeiros por vías navegables interiores
511	Transporte aéreo de pasaxeiros
522	Actividades anexas ao transporte
Outras actividades turísticas	
771	Aluguer de vehículos de motor
773	Aluguer de outra maquinaria, equipos e bens tanxibles
799	Outros servizos de reservas e actividades relacionadas con eles
900	Actividades de creación, artísticas e espectáculos
910	Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais
931	Actividades deportivas
932	Actividades recreativas e de entretemento

- Traballando: persoas que durante a semana de referencia traballaron (de forma esporádica ou ocasional), polo menos unha hora a cambio dun salario ou outra forma de retribución conexas, metálico ou en especie
- Con emprego pero sen traballar: persoas que traballaron no seu emprego actual, pero están ausentes do mesmo durante a semana de referencia e manteñen un estreito vínculo con el, vínculo que se determina segundo a crenza do entrevistado en reincorporarse ou non á empresa e de acordo co período de ausencia. Tamén se inclúen as persoas ausentes do traballo por causa de enfermidade ou accidente, vacacións ou licencias de maternidade, mentres que os ausentes por ter contratos fixos discontinuos, por ser traballadores estacionais ou por estar en espera para incorporarse a un novo emprego, considéranse sen emprego

Persoas cunha actividade por conta propia: forman parte desta categoría todas as persoas que se inclúan nos seguintes apartados:

- Traballando: persoas que durante o período de referencia traballaron (de forma esporádica ou ocasional) polo menos unha hora a cambio dun beneficio ou ganancia familiar, en metálico ou en especie
- Con traballo pero sen traballar: persoas que durante o período de referencia tiñan algún traballo a cambio de beneficio ou ganancia familiar pero que estiveron de xeito temporal ausentes do mesmo por motivos de enfermidade ou accidente, vacacións, festas, mal tempo ou outros motivos similares

Poboación parada ou desempregada: considéranse paradas as persoas de 16 anos ou máis que reúnan simultaneamente as seguintes condicións:

- Sen traballo, isto é, que non tiveron emprego por conta allea nin propia durante a semana de referencia
- En busca de traballo, é dicir, que tomaron medidas concretas para buscar un emprego por conta allea ou fixeron xestións para establecerse pola súa conta durante o mes precedente
- Disponíbeles para traballar, isto é, en condicións de comezar a facelo nun prazo de dúas semanas a partir do domingo da semana de referencia

Taxa de paro: cociente entre o número de parados e o total de activos.

Taxa de asalarización: cociente entre o número de ocupados asalariados e o total de poboación ocupada.

Taxa de temporalidade: cociente entre o número de asalariados con contrato temporal e o número total de asalariados.

Poboación activa (todas as persoas de 16 e máis anos que traballaron ou tiñan emprego a semana de referencia)

- **Ocupados** (ocupados subempregados por insuficiencia de horas; resto de ocupados)
 - **Asalariados** (asalariado sector público; asalariado sector privado)
 - **Indefinido:** Asalariados con contrato ou relación laboral indefinidos (permanente; descontínuo)
 - **Temporal:** Asalariados con contrato temporal (por circunstancias da produción; de aprendizaxe, formación ou prácticas; estacional ou de tempada; cobre un período de proba; cobre a ausencia total ou parcial doutro traballador; para obra ou servizo determinado; verbal non incluído nas opcións anteriores; outro tipo; non sabe)
 - **Autónomos** (empresario con asalariados; traballador independente ou empresario sen asalariados; membro dunha cooperativa; axuda na empresa ou negocio familiar; outra situación)
- **Parados** (parados que buscan primeiro emprego; parados que traballaron antes)

2.5. Poboación estatística

A poboación obxecto da enquisa son as persoas de máis de 16 anos

2.6. Ámbito xeográfico

O ámbito xeográfico da información publicada é a Comunidade Autónoma no seu conxunto e as provincias

2.7. Cobertura temporal

Enquisa trimestral

2.8. Período base

Ano 2005

2.9. Unidade de medida

Persoas

2.10. Período de referencia

Terceiro trimestre de 2009

3. Mandato institucional

3.1. Actos xurídicos e outros acordos

A recollida, tratamento e difusión dos datos da actividade estatística “3503-01-AE05 Emprego no sector turístico galego”, dentro da cal se engloba a análise da información procedentes da Enquisa de Poboación Activa EPA, están contempladas no plan estatístico da comunidade autónoma “LEI 15/2016, do 28 de xullo, do Plan galego de estatística 2017-2021” publicado no DOGA - número 145, martes, 2 de agosto de 2016 e, concretamente para o ano 2019, dentro do programa estatístico regulado polo “DECRETO 165/2018, do 27 de decembro, polo que se aproba o Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019” publicado no DOGA - número 248, o luns, 31 de decembro de 2018

4. Confidencialidade

4.1. Política de confidencialidade

A Lei 12/1989, de 9 de maio, da Función Estatística Pública obriga ao INE a non difundir en ningún caso os datos persoais calquera que sea súa orixe. Enténdese que son datos persoais os referentes a persoas físicas ou xurídicas que ou ben permitan a identificación inmediata dos interesados, ou ben condúzan pola súa estrutura, contido ou grao de desagregación a identificación indirecta dos mesmos. Por outra parte, o Regulamento (CE) nº 223/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de marzo de 2009, relativo á estatística europea establece a necesidade de establecer principios e orientacións comúns que garantan a confidencialidade dos datos utilizados para elaborar estatísticas europeas e o acceso a eses datos confidenciais, tendo en conta o progreso técnico e as necesidades dos usuarios nunha sociedade democrática.

4.2. Tratamento de datos confidenciais

A Área de Estudos e Investigación adopta as medidas lóxicas, físicas e administrativas necesarias para que a protección dos datos confidenciais sexa efectiva, dende a recollida de datos ata a súa publicación. Nos

cuestionarios das enquisas inclúese unha cláusula legal que informa da protección que ampara aos datos recollidos. Nas fases do tratamento da información os datos que permiten a identificación directa só se conservan mentres son estritamente necesarios para garantir a calidade dos procesos.

Na publicación das táboas de resultados analízase o detalle da información para evitar que poidan deducirse datos confidenciais das unidades estadísticas. Nos casos en que se difunden ficheiros de microdatos, estes sempre están anonimizados. Os datos de identificación directa non se gardan xunto coa propia información estatística despois da fase de recollida de datos.

5. Política de difusión

5.1. Calendario de difusión

A publicación co avance do calendario realízase o último mes de cada ano e amosa as datas exactas da publicación as estatísticas conxunturais e o mes de publicación das estatísticas estruturais.

5.2. Acceso ao calendario de difusión

O calendario de publicacións difúndese a través da páxina web da área (Calendario de publicacións)

5.3. Acceso do usuario

Os datos difúndense de xeito simultáneo segundo o calendario de publicación, na maioría dos casos acompañados de nota de prensa. Ao mesmo tempo os datos publícanse na web da Axencia Turismo de Galicia (<https://www.turismo.gal/aei/portal/index.php>).

5.4. Frecuencia da difusión

Publicación trimestral e anual

5.5. Comunicados

Os resultados das actividades difúndense xeralmente con informes que se poden consultar tanto no menú correspondente á operación como no apartado das publicacións máis recentes.

5.6. Publicacións

Realízase unha publicación trimestral de táboas e informes para a publicación trimestral da EPA e un informe anual, coas súas correspondentes táboas, que recollen unha información máis desagregada

6. Relevancia

6.1. Necesidades do usuario

Entre os usuarios da actividade hay que destacar: Outros organismos públicos (observatorios, etc.), Administracións territoriais (deputacións provinciais), Investigadores e mundo académico, Empresas e institucións sen fin de lucro (servizos de estudo de empresas, fundacións, asociacións, etc.), sindicatos e organizacións patronais. Prensa e medios especializados. Particulares.

6.2. Satisfacción do usuario

Non existe enquisa de satisfacción dos usuarios específica para esta actividade. As peticións de datos trátanse de xeito puntual e satisfáense en tempo e forma na súa práctica totalidade, sempre que permita as desagregacións solicitadas.

7. Oportunidade e puntualidade

7.1. Oportunidade

Os informes son publicados trimestralmente a continuación da publicación por parte do IGE, INE e o Instituto de Estudos Turísticos de España da información

7.2. Puntualidade

Os resultados da enquisa publícanse de acordo ao calendario de publicacións da área de Estudos e Investigación.

8. Coherencia e Comparabilidade

8.1. Comparabilidade geográfica

Dada as características da fonte de información que é homoxénea para todo o conxunto de España, os informes sempre recollen a comparación da situación de Galicia fronte ao resto de España.

8.2. Comparabilidade temporal

A enquisa permite facer unha comparación temporal de xeito homoxéneo partindo do inicio do seu ano base

9. Revisión de datos

9.1. Revisión de datos - Política

A Área de Estudos e Investigación non dispón dunha política que regule a revisión dos datos estatísticos.



9.2. Revisión de datos - Práctica

Os datos son definitivos cando son publicados por primeira vez e non están suxeitos a revisión. Si se detectan erros e os datos e informes deben ser modificados, entón engádese unha nota explicativa xunto coa información co fin de advertir aos usuarios que os datos foron cambiados.

10. Tratamento estatístico

10.1. Datos de orixe

Os datos de orixe proveñen dunha enquisa realizada aos fogares españoles.

10.2. Frecuencia da recollida de datos

Os datos da enquisa son recollidos de xeito continuo ao longo do trimestre.

10.3. Recollida de datos

Os datos recollidos son os recollidos no trimestre de referencia, sendo os datos anuais a media dos catro trimestres do ano.

10.4. Axuste

Os datos procedentes desta enquisa non sufren de ningunha modificación tras a súa recepción

PROCESO: ENQUISA DE POBOACIÓN ACTIVA

11. Proceso de elaboración

11.1. Proceso de elaboración: Método

O proceso para a análise de datos das actividades realizadas pola área resúmese no seguinte proceso:

- Recollida da información procedente de diferentes fontes (enquisas propias, rexistros administrativos, microdatos procedentes doutras entidades,...)
- Incorporación da información obtida e incorporada a unha base de datos baixo a que se pode depurar e executar procesos empregando a linguaxe SQL
- Análise dos datos a través da súa explotación en libros de cálculo ou mediante guións de desenvolvemento empregando a linguaxe R
- Elaboración de informes e táboas de datos mediante o emprego de procesadores de texto ou a través de guión empregando a linguaxe R
- Publicación dos informes e táboas obtidos na páxina web da área para a súa difusión

Estas actividades poden estar en dúas fases de implementación:

- **Fase de desenvolvemento:** Esta fase caracterízase porque a actividade segue recollendo novas análises ou comentarios que fan enriquecer a información publicada final. Nesta xéranse os informes previos, novas estimacións de cálculo ou novas implementacións de código en SQL, R ou a través de libros de cálculo.
- **Fase de produción:** Esta fase caracterízase porque o mecanismo de xeración da información final ao usuario está definida claramente e establécense procesos automáticos para a súa publicación e comunicación aos diferentes usuarios. Cabe destacar que nesta poden xurdir cambios que trasladan novamente a actividade á fase de desenvolvemento.

11.2. Proceso de elaboración: Enquisa de Poboación Activa

Esta actividade está en fase de produción